IV CONCURSO DE TWEETS DO NADAL

Con motivo das festas de Nadal, o IES Francisco Aguiar convoca un concurso de tweets .Trátase de textos breves con forma de relato, mensaxe ou lemas como os que se realizan a través da rede social twitter e a súa extensión máxima é de 140 caracteres.

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Poderán participar todos os alumnos que así o desexen. O tema terá que ver co Nadal. Cada un poderá envíar un máximo de tres tweets.

2. As persoas que presenten os seus tweets ao concurso serán responsables da orixinalidade e autoría dos mesmos. O IES Francisco Aguiar resérvase o dereito de publicar e difundir os traballos presentados, fosen premiados, ou non.

3. A presentación dos tweets poderá realizarse desde o día da publicación destas bases na páxina web do IES Francisco Aguiar o día 23 de novembro de 2015 , ata o 14 de decembro de de 2015 ás 15:00 h.

4.Admitiránse dúas modalidades á hora de presentar os tweets.

   1. Remitindoos ao correo electrónico da biblioteca: bibliofranciscoaguiar@gmail.com
   2. Na Biblioteca en sobre pechado con lema e no interior o tweet ou tweets e un sobre pechado co nome do participante.

5. Haberá un Xurado integrado por cinco persoas do Equipo da Bibliuoteca que será o encargado de avaliar os tweets presentados.

6. Os criterios de valoración para elixir á persoa gañadora serán: o contido e tratamento do tema, a orixinalidade e a capacidade de impacto da mensaxe.

7. O xurado emitirá o fallo antes do día 18 de decembro, que se fará público na páxina web do IES Francisco Aguiar no que designará o mellor tweet e os finalistas.

8. O premio consistirá nun vale de 20 euros para a compra dun libro, cómic, disco ou DVD.

9. A presentación dun tweet á presente convocatoria supón a aceptación plena das presentes bases.

Calquera circunstancia non contemplada nas mesmas, será resolta polo xurado con carácter inapelable.